



sanroque DESDE 1698

As festas que queremos



DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL

PROGRAMACIÓN | AGO-SET 2021

Concello de
Vilagarcía



de Arousa

San Roque-V.2.



Xa pasou un ano dende aquel primeiro San Roque da era Covid e aquí seguimos: aínda a voltas para quitárnolo de enriba. Nestes meses de guerra contra o ditoso "bicho" temos avanzado moito, pero queda un último esforzo que facer. Para gañar a batalla definitivamente temos que estar fortes de espírito e de ánimo, e un bo xeito de conseguilo é celebrando as nosas festas de San Roque. Para o San Roque-V.2 da pandemia contamos coa vantaxe da experiencia adquirida o pasado ano para garantir que Vilagarcía mantivese as súas tradicionais festas e que os vilagarcíans e as persoas que nos visitan puideran gozar delas con total seguridade. As deste ano serán, como entón, unhas celebracións diferentes e adaptadas ás circunstancias sanitarias.

A diversión e a alegría están garantidas co programa deseñado pensando en todos e cada un dos públicos posibles, con actividades de pequeno formato e aforos reducidos, pero que se multiplican para chegar a todo o mundo: concertos de diferentes estilos, pasacalles, Cine na Rúa, o Festaclown, o Folk no Aobre... E todo dando protagonismo ao valor local, comezando polo pregón, que este ano, coincidindo co 75 aniversario do Arosa S.C., recae nos membros do club de fútbol, e seguindo polos numerosos grupos locais e galegos que participan nos concertos "Son da Casa".

Doutro xeito, pero seguímolo tendo todo para desfrutar dunhas excelentes festas de San Roque. Só nos queda ter sentidiño e facelo de forma responsable e cumprindo todos as normas sanitarias. Así que... conto coa vosa colaboración para que este sexa o último San Roque da era covid.

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke.

Alberto Varela Paz

Alcalde de Vilagarcía de Arousa



SON
DA CASA!



VENRES 6 AGOSTO

 **DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

20:00 – García Caamaño

CXI Mesa das Verbas – POESÍA NA RÚA

Coa actuación de Arosa Bay e Alejandro Guanella

Agrupación musical de amigos fundada no seo da Asociación do mesmo nome no 2014, consta de oito compoñentes e o seu repertorio está baseado en pezas melódicas cantadas e acompañadas por acordeóns, corda e percusión. Nos seus concertos buscan a participación do público, pois o seu repertorio está composto de vals, habaneras, boleros, etc.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 min. antes da actuación.

VENRES 6 – DOMINGO 8 AGOSTO

11:00 – 14:00 | 18:30 – 22:30 – Praza da II República

Feira de oportunidades EXPOFERTA ZONA ABERTA

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta.

SÁBADO 7 AGOSTO

21:30 – Parque da Xunqueira

Cómicamente

Os mellores cómicos do país reunidos co obxectivo de contaxiar a risa ao público no regreso dos espectáculos en directo. Actuarán Luis Piedrahita, Carlos Blanco e Marta Doviro.

Prezos: Zona A: 18€; Zona B: 15€ e Zona C: 12€ (+gastos de xestión). Venda de entradas: anticipada en ataquilla.com.



XOVES 12 AGOSTO

21:30 – Salón García

Festaclown

O GORDO E O CALVO 20 ANOS DESPOIS

20 anos de espectáculos, 20 anos de gags e sketches, 20 anos de humor, 20 anos de gargalladas e 20 anos de amor polo teatro condensados en 80 minutos de risas para celebrar que, quizais como dicía a canción, 20 anos non son nada.

Compañía: Dous son Compañía. Tipo de espectáculo: clown.
Duración: 80 minutos.

Entrada de balde ata completar aforo,
20 minutos antes da actuación.





VENRES 13 AGOSTO

20:00 – Praza Ravella

Pregón a cargo da entidade deportiva Arosa S.C.

Conmemoramos o 75 aniversario do club e o recente ascenso á competición nacional 2ª Real Federación Española de Fútbol (RFEF). Será traducido simultaneamente en lingua de signos.

21:30 – Salón García

Festaclown

O ENFERMO IMAXINARIO

En 2021, o Taller de Teatro Clámide celebra o seu 40 aniversario, con diferentes actividades e publicacións. Clámide preséntanos unha versión moi particular de O Enfermo Imaxinario, comedia francesa en tres actos, escrita polo dramaturgo francés Moliere e estreada en 1673. Un pai hipocondríaco crese moi enfermo e quere casar a súa filla cun médico, máis a criada, en complicidade co irmán do pai, artellarán un complicado e divertido plan para impedilo.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Grupo de Teatro Clámide. Tipo de espectáculo: teatro. Duración: 60 minutos.

23:00 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Fuel Fandango

O seu cuarto disco, "Origen", alberga as vertices deste século e á vez é unha invitación para volver á natureza, ao amor, como salvavidas de todo. Unha viaxe emocional dualista onde os sons urbanos, flamencos, africanos e de raíz, convidan a ser libres.

A súa proposta está impecablemente vestida nuns temas que teñen como esqueleto a percusión africana, a guitarra española, o caixón flamenco e a música urbana. Letras e melodías mostran que o futuro tamén é pasado, que tal vez a modernidade só sobrevive volvendo á orixe.

Con reserva
previa en
woutick.es.





SÁBADO 14 AGOSTO

12:30 – Xardíns de Ravella
Varietés do animalario



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22 AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Nun contexto humorístico e divertido, a raposa e o lobo vense envoltos nun conflito pola propiedade dunha pereira á que misteriosamente lle van desaparecendo as pernas unha a unha. No texto vense cuestionados os roles habituais que teñen a raposa e o lobo na cultura galega de tradición oral; os dous vólvense vexetarianos e acaban sendo compañeiros da causa do amor á pereira...

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.


Compañía: Paporrubio. Tipo espectáculo: teatro/monicreques.
Duración: 50 minutos.

13:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE GAITAS OS TRASNOS DE GUILLÁN





20:00 – Parque da Xunqueira

**Concerto
TNT Band**



**SON
DA CASA!**

A banda vilagarcía presenta o seu segundo traballo discográfico, "Compañero", concibido durante o confinamento e que inclúe un tema dedicado á Festa da Auga. Trátase dun disco máis maduro, pero que mantén a tónica das letras comprometidas e o ton reivindicativo en favor da música elaborada e do rock tradicional que xa tiña o seu primeiro traballo, "Parte Colectivo". A pesares da xuventude dos seus compoñentes (os catro teñen 19 anos), en seis anos de traxectoria, os TNT Band contan con dúas participacións no festival estatal MusicAula School, onde acadaron o segundo posto en 2018; actuaron en festivais coma o Revenidas, o Wild Fest de Vigo e o Oeste Rock de Catoira; e tocaron en numerosos locais e salas galegas.

O deste ano será o seu segundo concerto nas Festas de San Roque, onde volverán a poñer de manifesto a enerxía e a vitalidade dos seus directos

Con reserva previa en www.woutick.es.

20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE GAITAS AIRIÑOS DO CARRIL

22:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE PERCUSIÓN LATEXO

A través dun espectáculo de animación único, baseado na batucada brasileira, a percusión de rúa de Latexo transportaranos a diferentes lugares do mundo nos que a alegría, o ritmo e o movemento son parte fundamental do cotián.



23:00 – Parque da Xunqueira
CONCERTO
Imaculate Fools

Pasaron máis de 37 anos desde que o seu primeiro single, "Immaculate Fools", invadía as principais tv e radios internacionais, e España non foi unha excepción. Corría o ano 1984 cando daba o seu primeiro concerto no noso país. A banda formada por dúas parellas de irmáns percorreron o mundo marcando unha época, que hoxe en día aínda se lembra.

En 2016, Kevin Weatherill, compositor e líder fundador da banda, trasládase á súa amada Galicia, incorporando á formación prestixiosos músicos galegos como Paco Charlín, Max Gómez e Antonio Casado que xunto a Harry Prize e Linda Lamb forman unha banda, que en palabras do propio Kevin é "amazing". Un concerto no que non faltarán os grandes éxitos da banda como "Hearts of Fortune", "Price", "Got me by the Heart", "Sad" e moitas máis, no que tamén poderás descubrir o seu novo álbum " Stardust and Water".

Con reserva previa en www.woutick.es.

DOMINGO 15 AGOSTO

13:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE GAITAS TREBOADA DE GUILLÁN

20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE GAITAS OS TERRIBLES DE AROUSA

23:00 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Funzo & Baby Loud

Estes carismáticos artistas acumulan millóns de reproducións en plataformas dixitais, con discos de platino como "Malibú con Piña" ou "Batmóvil" Remix e esgotan entradas para os seus concertos en cuestión de horas.

A súa música contaxia pola mestura de naturalidade e sinceridade desprexuciada. Sen ser trap, inclúen elementos deste entre letras de temática pop, outros ritmos latinos e beats exquisitos para contar as experiencias e inquietudes de toda a mocidade.

Con reserva previa en www.woutick.es.



LUNS 16 AGOSTO

12:00 – Rúas da cidade
Festaclown – Sanroclown



Somdolilá é unha batucada feminista de mulleres que usan a música como ferramenta de sororidade, alegría e loita. Celebran ocupando o espazo sonoro e recuperando a memoria das que combateron antes que nós.
Compañía: Somdolilá

13:00 – Rúas da cidade
Festaclown – Sanroclown
Espectáculo de Troula, animación polas rúas da cidade.

20:30 – Rúas da cidade
Pasacalles
GRUPO DE GAITAS NÓS DE SOBRADELO

21:00 – Praza II República
Festaclown
Que comience la función

A colombiana Fundación Tchyminigagua, logo do seu éxito en Vilagarcía fai 3 anos, volve ao festival co seu novo espectáculo dirixido por Iván Prado. Unha proposta chea de música acrobacias e clown.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Fundación Tchyminigagua. Tipo espectáculo: circo e acrobacias. Duración: 55 minutos.





23:00 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Lucía Pérez – AMARÁS MIÑA TERRA

Espectáculo no que Lucía presentará moitas das cancións que compoñen o seu último disco "Quince Soles", así como éxitos dos seus anteriores traballos, combinados con temas populares do folklore galego.

Un concerto ameno e participativo no que o público gozará de forma próxima e directa. A artista galega estará acompañada no escenario por 5 músicos de gran traxectoria musical cos que combinan diferentes estilos da súa música.

Con reserva previa en www.woutick.es.



MARTES 17 AGOSTO

11:00 – Praza da II República
Festaclown – Social
Somos olímpic@s

En Somos Olímpicos se reivindicán, a través do humor, os grandes valores do deporte, que non sempre están presentes no momento da competición. Unha serie de divertidas escenas sobre o universo olímpico, protagonizado por usuarios/as da Asociación Con Eles e integrantes do Grupo de Teatro Clámide, onde teñen cabida todo tipo de disciplinas deportivas mesuradas con situacións cómicas, e, en moitos casos, aloucadas. Humor e teatro para a plena inclusión.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Asociacións con Eles e Grupo de Teatro Clámide.

12:30 – Praza de Galicia
Festaclown – Superroquiños
Gadalka



Un novo concepto de espectáculo de rúa onde a audiencia achégase a desfrutar dun microespectáculo con todas as garantías sanitarias.

En Gadalka Dani García crea un espazo único no que poder ver un asombroso número de maxia realizado por un fascinante personaxe. Achégate e descubre Gadalka!

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Dani García. Tipo espectáculo: maxia. Duración: 90 minutos.





19:30 - Praza de Ravella
Certame-Festaclown
The New Bergamotto Show

Neste novo espectáculo, Bergamotto afonda na relación humana e nas nosas emocións primarias nun tenro espectáculo de clown xestual. ¡Qué raro e maravilloso é ese fugaz instante no que nos damos conta de que descubrimos un amigo!.

Premio de votación popular dos XI Premios Zirkòlika de Circo de Cataluña 2020. Premio do público no XIII Encontro Entrepayasos de Zaragoza.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 min. antes da actuación.

Compañía: Bergamotto clown.
Tipo espectáculo: clown. Duración: 45 minutos.

20:30 - Rúas da cidade
Pasacalles
GRUPO DE GAITAS FROALLO

21:00 - Praza da II República
Mostra-Festaclown
Rock Cirk

Espectáculo circense aderezado con punteos de guitarra eléctrica, redobres de batería estrambóticos, desgarrados voos, equilibrios esperpénticos e melenas ao aire que se desenvolve nunha peculiar estrutura aérea autónoma.

*Premio Nacional de Circo 2017.

Compañía: Rolabola.
Tipo espectáculo: circo e música
Duración: 55 minutos.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.





20:00 – Parque da Xunqueira

Concerto

Banda de Cámara de Arousa "Serán Sinfónico"

Tralo éxito acadado na súa presentación o pasado mes de maio, a agrupación vilagarcía continúa a súa andaina con este novo concerto no que pretende levar a música clásica máis alá das paredes das salas de concertos e auditorios, ofrecéndonos unha velada de verán chea de música sinfónica e capaz de agradar ao público máis melómano. Con obras de Rossini, Beethoven e Liszt.

Dirección e arranxos: Santiago Fontes.

Con reserva previa en www.woutick.es.

23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto

Chaladura Rock



Nada en outubro de 2014, todos os seus membros participaron noutros proxectos anteriormente, e na variedade está o gusto. Teñen un estilo que vai dende o pop ata o rock dos anos 70, 80 e 90, tanto en música española como internacional. Tocan a Ian Dury, No Doubt, 4 non Blondes, Loquillo, Rosendo, Luz Casal, etc. O seu obxectivo é pasalo ben e facer que a xente goce con eles mentres o corpo aguante e as ganas sigan aí.

Con reserva previa en www.woutick.es.



MÉRCORES 18 AGOSTO

11:00 – Parque de Miguel Hernández
Festaclown – Social
Namoradas e libres



Larraitz ven de recoller historias de mulleres cheas de amor, que loitan por acadar os seus soños e desexos creando un entorno de respecto e igualdade . Mulleres diversas envoltas en toneladas de cariño. Ollos que miran a outros ollos, cóxegas e paseos por xardíns de bolboretas...

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Tipo espectáculo: narración oral. Duración: 45 minutos. Público: infantil (3 a 8 anos).

12:30 – Praza de Ravella
Festaclown – Superroquiños
A Corda



Como unha cometa sen fío, dende o humor e o circo, esta pallasa fala soa, contéstase, vai e vén porque non atopa o seu lugar. Acompañada pola súa fiel bañeira, a que a fai soñar e reafirmar que os tolos non son tan tolos. Que a loucura, cura!

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: A Vela Circo.
Tipo espectáculo: circo.
Duración: 40 minutos.





19:30 – Praza de Ravella
Certame-Festaclown
Espectáculo: Qué buen día!

Chova, neve ou granice... para Martina sempre pode ser un bo día!. Hoxe ven a demostrarnos que quen soña e abre ben os seus ollos pode ver un mundo con infinitas posibilidades. Un espectáculo para xente con ganas de pasalo ben, abstéñanse aburridas, tramposas e outras persoas sen ganas de xogar nin de imaxinar.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Maite Guevara. Tipo espectáculo: clown. Duración: 45 minutos.

20:30 – Rúas da cidade
Pasacalles
GRUPO DE GAITAS A NOSA SRA. DA XUNQUEIRA

21:00 – Praza da II República
Mostra-Festaclown
Espectáculo: Power of the 80's



O cambio é posible: "Só temos que volver atrás e escoitar o que nos dixeron os 80's". Incrible espectáculo cheo de amor, humor e circo para todos os públicos!

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Eddy Eighty. Tipo espectáculo: circo e comedia. Duración: 50 minutos.



20:00

Parque da Xunqueira

Concerto Perseguidor



SON
DA CASA!

Proxecto musical do vilagarcían Mon Plats, que despois de moitos anos como afeccionado á música, decide dar o salto e gravar o seu primeiro disco. Un album que contén un puñado de temas pop/rock cheo de melodías pegadizas e letras emotivas e no que contou para a súa gravación con diferentes músicos da xeografía galega e se acompañou nos coros dalgunhas voces do coro Coda de Vilagarcía de Arousa.

Con reserva previa en www.woutick.es.

23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto Wyygga




SON
DA CASA!

Ela é puro rap. Non aspira a ser unha "Trap Queen" nin o necesita. Preséntase na escena hip hop seguindo a onda máis actual e vangardista de Estados Unidos, que nos fala da volta aos inicios, cando o hip hop era cultura e non mero entrete-mento. É unha artista que non se recrea en banalidades, nin no políticamente incorrecto só por impresionar ou incomodar.

Unha proposta musical, audio-visual e estética na que se mostra tal cal é sen artificio.

Con reserva previa en www.woutick.es.



XOVES 19 AGOSTO

11:00 – Parque de Miguel Hernández
Festacdown – Social
Estrafalaria



Espectáculo de narración oral sobre diversidade. Alicia collera por costume escorregar por calquera buraco, sen importarlle o profundo, escuro ou sinuoso que fose. A Carlota déralle por escoller o seu camiño e embarcarse en aventuras emocionantes que nada tiñan que ver coas dunha princesa. A avoa e papá dicían que as miñas amigas eran raras de todo. Pero eu sempre pensei que iso de ser rara é moi relativo...

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Xarope Tulú. Tipo espectáculo: narración oral.
Duración: 50 minutos. Público: 3 a 12 anos.

12:30 – Praia da Concha
Festacdown – Superroquiños
4.0



Espectáculo no que se mesturan técnicas aéreas de circo con cancións e teatro físico, cunha estrutura de 6 metros de altura e tomando o humor como partitura.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Sue Moreno.
Tipo espectáculo: circo/
acrobacias aéreas.
Duración: 45 minutos.



13:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE GAITAS BRISAS DO RÍO ULLA



19:30 – Praza de Ravella

Certame-Festaclown

Lambetadas

Dous personaxes excéntricos entran en escena. Como non saben quen son, nin cara a onde van, non lles queda máis remedio que coñecerse. O que descubren é que para atopar a súa identidade deberán saber o que lles pasa ás súas linguas. Porque sen unha lingua propia chea de saúde non se poden lamber as lambonadas, que é o máis rico que hai...

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Talía. Tipo espectáculo: teatro. Duración: 45 min.

20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE GAITAS MOCEDADE DA TORRE 83

21:00 – Praza da II República

Mostra-Festaclown

Oh-Limpiadas

Dúas limpadoras aburridas da súa rutina diaria entran nun mundo de fantasía onde a súa xornada laboral é retransmitida coma se dunha competición olímpica se tratase. Un mundo absurdo e disparatado narrado a través da voz en off de Julia Luna, comentarista dos mundiais e os XX00 de TVE.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Sincronacidas. Tipo espectáculo: circo e clown. Duración: 50 minutos.



23:00 – Parque da Xunqueira
Concerto
Baiuca



O produtor galego converteuse nun dos alquimistas máis importantes á hora de recuperar músicas e códigos tradicionais e traelos non só a un marco contemporáneo, senón futurible. Tres anos despois da publicación de "Solpor", o álbum que o converteu nun referente mundial da folktrónica e nun dos alquimistas máis importantes á hora de mesturar música tradicional (neste caso, da súa Galicia natal) con electrónica de vangarda e estruturas e melodías pop.

Baiuca presenta "Embruxo", un segundo álbum chamado a convertelo nunha figura aínda máis global no universo electrónico, e que conta con colaboracións de Rodrigo Cuevas, o grupo de pandereteiras-cantareiras Lilaina, o flautista-gaiteiro Cristian Silva ou o percusionista Xosé Lois Romero.

Con reserva previa en
www.woutick.es.

VENRES 20 AGOSTO

11:00 – Parque Dr. Carús
Trabanca Badiña

Festaclown – Social Clowntamination



Rudi Dudi, coa súa arte sedutora consegue atrapar a un público sen límite de idade, convidándoo a participar e axudar no imposible, logrando que quen ten a sorte de velo perda a noción do tempo e gañe un sorriso. Un espectáculo dinámico e interactivo!

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Rudi Dudi. Tipo espectáculo: clown. Duración: 50 minutos.

12:30 – Praza Ravella

Festaclown – Superroquiños El Gran Braulio



Braulio é o mellor mago do mundo... o polo menos iso pensa el. E quen somos nós para dicirlle a verdade? Así é moito máis divertido! Chega a Vilagarcía un mago torpe e despistado que fai ben os seus trucos de pura casualidade...

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Adrián Conde. Tipo espectáculo: maxia. Duración:



13:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE GAITAS MAR DE AROUSA

19:30 – Praza de Ravella

Certame-Festaclown

Oh Pera!

Circo, humor, equilibrio e acrobacia ... nunha ópera surrealista na que os actos se entrelazan entre si dunha forma divertida que non entende de lóxica ou de época.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Circo Chosco. Tipo de espectáculo: circo cómico e portés. Duración: 50 min

20:30 – Rúas da cidade

Pasacalles

**PANDERETEIRAS CANTAREIRAS
BULIDEIRAS DE FONTECARMOA**

21:00 – Praza da II República

Mostra-Festaclown

Espazo Compartido

Un espectáculo sensitivo, poético e dinámico. Unha investigación da comunicación espacial e corporal que crea un universo único de expresión, resultado da procura do circo como linguaxe en si mesmo. Os artistas non só utilizan a técnica para transmitir, senón tamén para aflorar un eu íntimo a través dela.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: IO. Tipo espectáculo: circo. Duración: 60 minutos.



60 minutos.
22:00 – Alameda

Concerto Catuxa Salom

Nada en Vilagarcía de Arousa, e con raíces nativo-arxentinas, Catuxa Salom, trae unha proposta innovadora para os nosos ouvidos. Cancións en galego e portugués con potentes ritmos tribais latinoamericanos creados en directo na sea Loop Station. Unha mistura de electrónica e tradición galego-portuguesa que non deixará indiferente a ninguén.

Entrada de balde ata completar aforo, 30 minutos antes da actuación.

Patrocina:



23:00 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Álvaro de Luna

Álvaro é un animal de escenario, unha voz vibrante que emociona dende o primeiro verso. Canta e compón como necesidade vital desde neno, cunha paixón desmedida que lle levou a conectar en moi pouco tempo cunha lexión de fans, a virar por toda España e a soar nas principais radios do país.

Tras tres anos como líder do grupo Sinsinati, dende finais do ano pasado comeza unha nova etapa profesional, presentando o single "Juramento eterno de sal", que conta con máis de 5,7 millóns de reproducións en Spotify, e que chegou a ser nº1 nos 40 Principais e a converterse en disco de platino.

Con reserva previa en www.woutick.es.



SÁBADO 21 AGOSTO

11:00 – Praza de Galicia
**Festaclown – Social
Checkpoint Clown**



Unha animación social creada por Iván Prado que busca concienciar sobre as guerras partindo desde o foco do conflito palestino. Dous peculiares soldados xogarán co público facéndoos pasar por un control fronteirizo cheo de humor e de confusión.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Pallasos en Rebeldía. Tipo espectáculo: clown.
Duración: 60 minutos.

12:30 – Praza Ravella
**Festaclown – Superroquiños
Abracadaver**



Volve Rogelio cun espectáculo dende a súa casa. Unha cura colectiva para perder o medo. Unha terapia de choque. Cos números de circo máis terroríficos que xamáis se viron e que nos porán os pelos de punta. Malabares, faquirismo, acordeón, equilibrios e moitas sorpresas máis non aptas para cardíacos.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Assircopatas. Tipo espectáculo: circo. Duración: 45 minutos.



13:30 – Rúas da cidade
Pasacalles
GRUPO DE GAITAS
SANTA PLÁCIDA

19:30
Praza de Ravella
Certame
Festaclown
Quixote

Cunha estética inspirada no pallaso clásico (moi ao estilo Fellini) e en clave de clown, afrontan as escenas máis icónicas da novela de Cervantes. Un velocípedo no que vai montado Don Quixote será o Rocinante, e un triciclo no que irá montado Sancho será o peculiar Rucio, o asno de Sancho Panza.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Pedras de Cartón. Tipo espectáculo: teatro. Duración: 55 minutos.

I PREMIO DO XURADO DO FESTIVAL DE TEATRO CLÁSICO DE ALMAGRO 2021.

20:30 – Rúas da cidade
Pasacalles
GRUPO DE GAITAS MALVEIRAS DE CARRIL

21:00 – Praza da II República
Mostra-Festaclown
Save The Temazo

Este proxecto mestura ficción, realidade e circo: trapecio voante, roda Cyr, danza vertical, o salto á piscina máis pequena do mundo, equilibrio sobre botellas e manipulación de obxectos son algúns dos elementos principais..

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

Compañía: Collectiu Frenetik. Tipo espectáculo: circo e acrobacias. Duración: 75 minutos.



23:00 – Parque da Xunqueira

CONCERTO

Grupo América

Durante dúas horas, desfrutaremos coas cancións e grandes éxitos do rock e do pop que percorreron as nosas vidas dende os anos 70 ata os nosos días. Todo isto unido a un potente e rotundo directo que fai que o público conecte cos artistas dende o primeiro minuto ata o fin do concerto.

Con reserva previa en www.woutick.es.



DOMINGO 22 AGOSTO

11:00 – 21:00 Parque E. Valdés Bermejo

Folk no Aobre

Xestiona: Pés de Barro

Organiza: Concello de Vilagarcía de Arousa



11:00 **Obradoiro de regueifa feministas**

12:30 **Obradoiro de iniciación a pandeireta**

Inscripción nos obradoiros en: pesdebarro@hotmail.com

18:00 **Bouba Pandereiteiras**

Un grupo de mozas da zona de Tordoia centran os seus esforzos en recoller a música tradicional do país para amosala polo mundo adiante.

Clara Pino & Pablo Vidal e banda

Clara Pino (arpa celta, voz) compaxina a súa labor como docente coa creación musical. Entre os seus traballos discográficos cabe destacar "Sete Saias" ou "Loira", así como o premio da Consellería de Educación co proxecto "A música desde o silencio" que inclúe o tema e videoclip "Contracorrente", no que participa Pablo Vidal.

Pablo Vidal (contrabaixo, voz) conta cunha longa traxectoria musical que abrangue dende o jazz, o rock, á música orquestral e infantil. Entre os seus traballos destacan "Tatán Chapeu", "Jazz Pagano", Os Resentidos & Lira Big Band, A Doce Vita Sons de Cine, e "Nowhere", xunto con Clara Pino.

Entrada de balde ata completar aforo 30 minutos antes da actuación.

19:50 **Visita guiada** polo Castro e parque Valdés Bermejo, acompañados por Xurxo Souto.

Inscripción en: pesdebarro@hotmail.com

21:00 **Xosé Lois Romero e Aliboria**

O seu proxecto é o indicado para trasladar o bruar da terra, algo que chega dende o corazón, pero que pasa polas vísceras, e se convirte nunha sorte de zunido tribal, de folclore racial, de estalido musical.

Entrada de balde ata completar aforo 30 minutos antes da actuación.

13:30 Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE GAITAS LUMARADA DE CORNAZO

20:30 Rúas da cidade

Pasacalles

GRUPO DE GAITAS XIRIFEIROS

VENRES 27 AGOSTO

21:00 – Alameda
Duendeneta show

- ▶ Eme Dj
- ▶ Manuele Caamagno
- ▶ K Dj
- ▶ Carlos Crespo

Entrada de balde ata completar aforo, 30 minutos antes da actuación.

SÁBADO 28 AGOSTO

21:00 – Praza da II República
O Camiño do Afiador – O MAGO TETO



XUNTA DE GALICIA



Xacobeo 2021

Xira en torno a unha roda de afiar dos anos 30 herdada dos seus ancestros. Miles de historias e aventuras doutros tempos son postas en escena coa axuda do ilusionismo. Para os efectos de maxia deste espectáculo, empréganse elementos típicos dos afiadores como coitelos, tesoiras, navallas e paraugas.

Entrada de balde ata completar aforo, 20 minutos antes da actuación.

23:00 – Rúas da cidade
Pasacalles Errantes

En noites de lúa nova, a cidade tórnase escura..., orcos, trolls e alimañas, seres saídos da máis profunda escuridade, envolvéndonos no seu delirio e facéndonos partícipes da súa tolemia, lévannos a unha peregrinación eterna transportando no seu carro a maior das súas demencias: o Orlok...

ESPECIAL

CINE NA RUA.com

DO 05 DE AGOSTO AO 05 DE SETEMBRO

XOVES, 5 DE AGOSTO

22:00h – Xardíns de Ravella

MY GIRL



Veda é unha nena obsesionada coa morte: a súa nai morreu e o seu pai dirixe unha funeraria. Thomas J., o seu mellor amigo, é alérxico ás abellas. O pai de Veda contrata a Shelly, unha experta maquilladora, e pronto se namora dela, pero a nena tentará torpedear a relación.

DOMINGO, 8 DE AGOSTO

22:00h – CARRIL – Praza da Liberdade

VOANDO XUNTOS

Christian é un científico especializado nos gansos salvaxes e a súa migración. O seu fillo non quere pasar unhas vacacións co seu pai en plena natureza. Con todo, os dous uniranse nunha aventura increíble: salvar a unha especie en perigo de extinción coa axuda dun ultralixeiro. Baseada nunha historia real.



MARTES, 10 DE AGOSTO

22:00h – VILAXOÁN – Praza R. Pazos

PAI NON HAI MÁIS QUE UNO 2: A CHEGADA DA SOGRA

Co triunfo da asistente virtual "Conchi", Javier converteuse en líder do chat de nais. Parece telo todo baixo control, pero a noticia inesperada da chegada dun novo bebé pon todo patas para arriba. E para rematar, chegará a sogra...



ESPECIAL

CINE NA RUA.com

DO 05 DE AGOSTO AO 05 DE SETEMBRO



XOVES, 12 DE AGOSTO

22:00h – O PIÑEIRIÑO – Parque
ABOMINABLE

Yi é unha adolescente máis na cidade de Shangai. Un día, atópase a un mozo yeti na azotea do seu edificio. A supostamente "abominable" criatura está a ser buscada por toda a cidade. Xunto con Jin e Peng, Yi decide axudarlle a fuxir, bautizándoo como "Everest" e os catro embárcanse nunha épica aventura para que se reúna coa súa familia.

XOVES, 19 DE AGOSTO

22:00h – BAMIO – Praia fluvial
CAPTAIN FANTASTIC

Ben é un home que pasou dez anos vivindo nos remotos bosques situados no noroeste dos Estados Unidos criando aos seus seis fillos. Illados totalmente da vida moderna, Ben é un pai devoto que inculca nos seus fillos unha peculiar forma de pensar e vivir a vida. Con todo, unha trágica noticia fai que a peculiar familia deba deixar temporalmente o seu modo de vida na natureza e volver á civilización.



ESPECIAL

CINE NA RUA.com

DO 05 DE AGOSTO AO 05 DE SETEMBRO



DOMINGO, 22 DE AGOSTO

22:00h – Parque da Xunqueira

OS GOONIES

Mikey Walsh é un adolescente que unha tarde de verán descobre, xunto a os seus amigos, o mapa dun tesouro pirata no faiado dunha casa. Adoptan o nome de "Os Goonies" e comezan a procura do tesouro escondido. Na súa aventura deberán enfrontarse a numerosos perigos...



MARTES, 24 DE AGOSTO

22:00h – GUILLÁN – Explanada C. Cultural


GA'HOOLE: A LENDA DOS GARDIÁNS

Soren é un novo bufo que terá que loitar para salvar ao seu pobo das forzas do Mal. Vive no bosque Tyto, onde sempre reinou a paz. Na súa loita, emprende unha longa viaxe para buscar a Gran Árbore Ga' Hoole. Cando a atopa, terá que someterse a probas e desafíos inimaxinables...

XOVES, 26 DE AGOSTO

22:00h – Parque da Coca

A REBELIÓN DOS CONTOS



Película que recupera personaxes e relatos clásicos coñecidos para darlles a volta e introducir xiros enxeñosos, sorprendivos e rabiosamente actuais. A adaptación no cinema respecta o espírito transgresor de Roald Dahl e vai máis aló mesturando as historias entre si para facer unha nova e trepidante.

ESPECIAL

CINE NA RUA.com

DO 05 DE AGOSTO AO 05 DE SETEMBRO



MARTES, 31 DE AGOSTO

22:00h – TRABANCA BADIÑA – Contorna Parque Dr. Carús

FAMILIA ADDAMS

A familia Addams volve á gran pantalla coa primeira comedia de animación sobre este arrepiante e excéntrico clan. Se pensabas que os teus veciños eran rariños, xa verás cando coñezas a esta irresistible e estrambótica familia...

XOVES, 02 DE SETEMBRO

22:00h – SOBRADELO – Contorna Campo da festa

PETER RABBIT

Adaptación do conto clásico de Beatrix Potter dun coello rebelde e en grao sumo revoltoso que tenta facerse co control da horta dun granxeiro.



DOMINGO, 05 DE SETEMBRO

22:00h – Praza da II República

STAND BY ME

Nun pequeno pobo de Oregón, catro adolescentes lánzanse á aventura de buscar a un raparigo desaparecido. Xogando a ser heroes, o intelixente Cornie, o rudo e sentimental Chris, o extravagante Teddy e o medoso Vern penétranse nun ambiente hostil no que deberán valerse por si mesmos.



VENRES 3 SETEMBRO

21:00 – Sala Principal do Auditorio

O violín virtuoso IVALDI E SARASATE




SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA

Josef Spacek, un dos máis brillantes violinistas do momento, lidera a Orquestra de Cámara Galega nun programa virtuosístico que inclúe as celebérrimas "Cuatro Estaciones" de Vivaldi e os "Aires Zíngaros" de Sarasate.

Entrada de balde ata completar aforo.

Retirada de invitacións (2 por persoa) o mesmo día da actuación, de 11:00 a 13:00 e de 19:00 a 20:30, na billeteira do Auditorio.

Patrocinan:





MÁS POR FENICE



SÁBADO 4 SETEMBRO

O Carril

Ameixa Rock

12:00 ▶ Visita guiada a Illa de Cortegada (con reserva previa)

13:30 ▶ Sesión Vermú

17:00 ▶ Visita guiada a Illa de Cortegada (con reserva previa)

18:00 ▶ Pasacalles Máis Ritmo

21:00 ▶ Dj Fangueira

21:30 ▶ Concerto Ameixas Bravas (con reserva previa)

22:30 ▶ Concerto Biribirlocke (con reserva previa)

Reservas para as visitas a Cortegada:

Tif.- 986 565 604

Web.- <http://corticata.com/contacto-corticata>

Reservas para concertos: www.woutick.es

ACTIVIDADES PROTEXIDAS COS PROTOCOLOS ANTI COVID-19.

DO 9 AO 12 SETEMBRO

Vilaxoán
REVENIDAS

▶ **XOVES 9 SETEMBRO**

Tanxugueiras – Los rastreadores – Verto

▶ **VENRES 10 SETEMBRO**

Laura Lamontagne & Picoamperio – Ciudad Jara – Los Chikos del Maiz

▶ **SÁBADO 11 SETEMBRO**

Sesión Vermú (de balde)

A Banda da Loba – Guadí Galego Tarde Noite
Talco Maskerade – A Rabela – Boyanka Kostova

▶ **DOMINGO 12 SETEMBRO**

Sesión Vermú

Xabier Diaz & Adufeiras de Salitre Tarde Noite
Zoo – Mounqup – Monoulious Dop

Máis info en revenidas.com.



NORMAS

DE ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES

1. Todas aquelas persoas que teñan reserva previa en woutick.es deberán acceder ao recinto como mínimo 20 minutos antes do comezo da actuación.

En caso contrario, perderán o dereito a entrada, podendo a organización dispoñer das reservas para outras persoas (por rigoroso orde de chegada).

En caso de anulación das reservas, poderanse devolver con 48 horas de antelación á celebración do concerto no seguinte correo: attcliente@woutick.es

2. O uso de máscara é obrigatorio en todo momento.

3. O público deberá permanecer sentado nos seus asentos.

4. Todas as actividades son de balde e con asento sen numerar

5. A programación, horarios e aforos poden verse modificados por medidas anticovid-19 decretadas polas Autoridades Sanitarias.

Grazas pola súa colaboración para desfrutar dunhas festas seguras.




Concello de
Vilagarcía
de Arousa

O noso agradecemento a todas as institucións, empresas, colectivos e persoas particulares que, co seu apoio e colaboración, fixeron posible as festas que todos queremos.

Patrocinador principal:



Outros patrocinios:



Colaboran:



Edita

**Concellería de Cultura
Concello de Vilagarcía de Arousa**

Alcalde

Alberto Varela Paz

Concelleira de Cultura

Sonia Outón Casal

Realiza

Área de Comunicación Social

Ilustración de portada

Xosé Vizoso

NOTA: Este programa pode ser obxecto de modificacións.

Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais e na web municipal www.vilagarcia.gal





sanroque
DESDE 1698

As festas que queremos



Concello de
**Vilagarcía
de Arousa**

